



ANUNCIO

a Alcaldía, con data 18-02-2025, ditou a Resolución 232/2025 que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO E CHAMAMENTO

EXPEDIENTE: PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA CUBRIR POSTOS DE TÉCNICO/A DE URBANISMO (A2) NO CONCELLO DE VIMIANZO, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A

EXPTE.: 2024/E001/000014

ANTECEDENTES

1. A Alcaldía, con data do 03/01/2025, ditou a Resolución 6/2025, que aprobou as bases para a elaboración dunha bolsa de traballo para a cobertura de postos de técnico/a de Urbanismo (A2), que se publicaron no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo con data do 08/02/2025. O extracto do anuncio referido ás citadas bases publicouse no BOP o día 10/01/2025, e o prazo de presentación de solicitudes estivo aberto entre o 11/01/2025 e o 27/01/2025.
2. A lista de persoas admitidas foi aprobada mediante Resolución de Alcaldía núm. 151/2025, do 05/02/2025. O anuncio publicouse no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo con data do 05/02/2025 e recolle a seguinte relación:

	TEDEC	DNI*	APELIDOS	NOME
1	2025/E002/000009	***9659**	ÁLVAREZ FONTENLA	BEATRIZ
2	2025/E002/000001	***7994**	BANGUESES FERNANDEZ	GABRIEL
3	2025/E002/000015	***1802**	CABEZA PUENTE	GONZALO
4	2025/E002/000007	***8263**	CALVO MUÑIZ	HECTOR
5	2025/E002/000003	***2541**	QUEIRO ARIAS	ALVARO
6	2025/E002/000006	***0836**	RUIZ VALENCIA	ALBERTO
7	2025/E002/000008	***0975**	SUÁREZ MARCOTE	Mª LUNA

3. Constan no expediente as actas do tribunal con datas do 6, 12 e 13 de febreiro. A última delas recolle a proposta para a Alcaldía. O anuncio do tribunal coas notas foi publicado o día 13/02/2025 e, no prazo outorgado nas bases para a presentación de alegacións, non se rexistrou ningunha.



4. A técnica de Urbanismo do Concello de Vimianzo atópase en situación de baixa e en avanzado estado de xestión, polo que procede cubrir o seu posto durante a situación de baixa e períodos de vacacións e permisos consecutivos, de habelos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A base novena, das que regulan o proceso selectivo, recolle o procedemento para a constitución da bolsa e a décima está dedicada á fase de chamamento.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a seguinte bolsa de traballo para cubrir postos de técnico/a de Urbanismo (A2) no Concello de Vimianzo, como funcionario interino:

ORDE	EXPTE. TEDEC	DNI *	APELIDOS	NOME	PUNTOS
1	2025/E002/000015	***1802**	CABEZA PUENTE	GONZALO	79,00
2	2025/E002/000007	***8263**	CALVO MUÑIZ	HECTOR	57,00

Segundo.- Aprobar o chamamento da primeira persoa da bolsa, Gonzalo Cabeza Puente, para cubrir a baixa, e o tempo de ausencia por vacacións e permisos, da titular da praza.

Estímase a data de inicio para o 01/03/2025.

[...]"

Vimianzo, 19 de febreiro de 2025

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez